



Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

RESOLVO:

### **RESOLUCIÓN**

PRIMEIRO: Aprobar as bases da Campaña de Comercio local.

BASES:

- A campaña levarase a cabo no Concello de Guitiriz, dende o 1 de decembro de 2023 ata o 5 xaneiro de 2024.
- Cada establecemento participante repartirá rifas dende o nº 000 ata o nº 999, as cales deben ir seladas co nome da empresa, deste xeito en cada comercio haberá un gañador
- Os establecementos participantes terán un cartel identificativo.
- Cada negocio entregará entre os seus clientes as rifas ao seu criterio, que de resultar premiada terá un valor de 50 € .
- Nesta campaña participarán os maiores de idade\*.\*
- Os gañadores resultarán aqueles que a súa papeleta coincida cos tres últimos números do 1º premio da lotería do neno, que se celebrará o vindeiro 6 de xaneiro de 2024.
- A rifa premiada debe consumirse no establecemento que a entregou, e terán 30 días dende o sorteo.
- Ningún establecemento poderá ser gañador da papeleta que se reparta no seu propio negocio.
- O listado de gañadores farase público na Web do Concello e no taboleiros de anuncios municipais.
- Os premiados ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas, e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas con esta campaña de Nadal 2023-24.
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.

**DECRETO**

Número: 2023-1030 Data: 24/11/2023

Cod. Validación: 9AC06GRNHPLSFTEJSP5WQDSAM  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 3



